

## ACORDO MARCO ENTRE A FEGAMP E O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, Conselleira de Política Social, en virtude da súa condición de Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, segundo os estatutos que o regulan, publicados no DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006.

Doutra parte, Don Alberto Varela Paz, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP), exercendo as atribucións que os estatutos lle confiren por razón do seu cargo.

Ambas partes, no nome e representación nos que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

### EXPOÑEN

I.- Que con data do 27 de agosto de 2021 o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia asinaron o Convenio de colaboración para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia, dentro do eixo de "Economía de coidados e reforzo de políticas de igualdade inclusión" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste convenio foron acordados os proxectos a executar por parte da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo aos fondos europeos

procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, os fitos e obxectivos dos mesmos, así como as achegas necesarias para o financiamento de cada un deles. O dito acordo prevé na súa cláusula 6º a participación das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal, a Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o apartado 2º desta cláusula, *"establecerá coas entidades locais do seu territorio os instrumentos de colaboración adecuados, de acordo coa realidade institucional de cada caso"*.


Dentro dos anteditos proxectos inclúese, no anexo III do devandito convenio, a transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos. En concreto, na liña C22.I1, recóllese o Plan de investimentos para construír, reformar ou ampliar equipamentos sociais públicos municipais, que contempla un conxunto de investimentos de centros públicos municipais (residencias, centros de día, vivendas comunitarias ou centros sociais) para favorecer os apoios e coidados de proximidade con recursos adaptados ao novo modelo asistencial, centrado na persoa. Preténdese así fortalecer a rede de centros de menor tamaño e maior proximidade en zonas rurais que carecen deste tipo de equipamentos, garantindo así a participación das persoas usuarias en actividades da vida cotiá e a súa interacción social un entorno de proximidade.

Estas iniciativas serán financiadas, tal e como se recolle no referido anexo, a través de convenios coas entidades locais, responsables dos devanditos espazos, que serán os encargados de executar os investimentos.


II.- Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é unha entidade de dereito público de carácter interadministrativo do que forman parte a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e os concellos galegos que concorreron inicialmente á súa formación ou se incorporaron con posterioridade a través dos correspondentes convenios, estando constituído na actualidade por 286 municipios e 5 mancomunidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar foi creado con data do 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus Estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, e ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria, cando así o solicite o concello interesado).

No cumprimento dos seus fins, segundo o previsto no artigo 7.a) dos seus Estatutos, o Consorcio exerce, no ámbito territorial dos entes consorciados, como competencia específica, a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación de servizos.



III.- Que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece nos seus artigos 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. A estes efectos, a propia disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos.



IV.- Xa que logo, co fin de desenvolver o plan de investimentos para construír, reformar ou ampliar equipamentos sociais públicos municipais con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, no marco do convenio asinado pola Comunidade Autónoma de Galicia co

Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2020, e coincidindo ambas as partes na idoneidade da fórmula consorcial para artellar o desenvolvemento do antedito plan de investimentos en colaboración da FEGAMP, ámbalas dúas partes acordan subscribir este acordo marco coas seguintes

## CLÁUSULAS

**Primeira.-** O obxecto deste acordo marco é o establecemento das liñas básicas de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP para o desenvolvemento do plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, no marco do convenio asinado pola Comunidade Autónoma de Galicia co Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2020 con data do 27 de agosto de 2021.

**Segunda.-** A achega prevista para o desenvolvemento das actuacións obxecto de financiamento ao abeiro deste plan de investimentos ascende a un total de **18.520.000 euros**, que se distribúen nas anualidades 2022-2023, segundo segue:

ANO	Plan de investimentos Consorcio-Concellos
2022	13.890.000 euros
2023	4.630.000 euros
<b>Total</b>	<b>18.520.000 euros</b>

**Terceira.-** As actuacións obxecto de financiamento, a través dos correspondentes convenios de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e as entidades locais, serán a construción, reforma ou ampliación de *equipamentos sociais públicos municipais* (Residencias, Centros de día, Vivendas Comunitarias e Centros sociais), para a

atención ás persoas maiores e a atención e/ou prevención da dependencia, integrados na comunidade e que permitirán apoios e coidados na proximidade.

Os centros obxecto de construción, reforma e/ou ampliación haberán de ser de xestión municipal, a través de calquera das modalidades establecidas na lexislación vixente (xestión directa, externalizada, concesión, etc.), respectando así a autonomía municipal, e garantindo ao mesmo tempo que as persoas usuarias destes centros sexan do entorno municipal ou comarcal, posibilitando con isto a creación de centros en comarcas ou contornas máis rurais que carecen deste tipo de equipamentos.

As contías de referencia previstas para cada tipo de actuación, que poderían ser modificadas en función do número de proxectos presentados e do tipo de actuación, son as seguintes:

Tipo de actuación	Importe de referencia
Construción Residencia ou Fogar Residencial	1.200.000 euros
Reforma ou ampliación de Residencia ou Fogar Residencial	500.000 euros
Construción Centro de Día ou Vivenda Comunitaria	600.000 euros
Reforma ou ampliación Centro de Día ou Vivenda Comunitaria	300.000 euros
Construción Centro Social	400.000 euros
Reforma ou ampliación Centro Social	250.000 euros



**Cuarta.-** Ámbalas dúas partes comprométese a colaborar co fin de facilitar a execución do plan de investimentos obxecto de financiamento a través das seguintes actuacións:

- 1.- A Federación Galega de Municipios y Provincias (FEGAMP) comprométese a difundir entre as entidades locais o plan de investimentos obxecto do presente acordo.

2.- Para a selección dos proxectos susceptibles de ser obxecto de financiamento a través deste plan de investimentos e co fin de garantir o correcto seguimento deste, crearase una comisión mixta entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP.

Para a selección dos proxectos teranse en conta, entre outros, os seguintes criterios de prioridade:

1º.- Concellos de menos de 20.000 habitantes, entre os que se dará prioridade aos de menor poboación.

2º.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas características.

3º.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

3.- Os concellos interesados deberán presentar as solicitudes para optar ao financiamento a través deste plan de investimentos ao Consorcio. Xunto coa solicitude deberán acreditar a dispoñibilidade dos terreos e presentar un anteprojecto da actuación obxecto de financiamento xunto co informe urbanístico municipal.

4.- Para a execución do plan de investimentos, unha vez seleccionados os proxectos obxecto de financiamento, formalizaranse, entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e os concellos seleccionados, convenios de carácter plurianual, polas anualidades correspondentes ao período de 2022 a 2023. Os ditos convenios preverán a posibilidade de solicitude de anticipos consonte o previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (ata o 50% del importe total), para a xustificación da anualidade correspondente a 2022, de ser o caso.



**Quinta.-** Para a vixilancia, seguimento e resolución de cantas cuestións se susciten en relación coa interpretación e desenvolvemento do presente acordo marco, constituirase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por dous representantes de cada unha das partes.

**Sexta.-** A vixencia deste acordo marco estenderase desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, atendendo ao desenvolvemento da execución das actuacións obxecto de financiamento, e que en ningún caso poderá estenderse máis aló do 31 de decembro de 2026, consonte o establecido no *Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia*, asinado con data do 27 de agosto de 2021.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2022

A PRESIDENTA DO CONSORCIO GALEGO  
DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA  
DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS



Fabiola García Martínez



Alberto Varela Paz